



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Innovacións na Análise de Datos Cualitativos	Código	615545006d	
Titulación	Máster Universitario en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social (a distancia)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	carmen.rodriguez2@udc.es	
Profesorado	Golías Pérez, Montserrat Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	montserrat.golias@udc.es carmen.rodriguez2@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia profunda na investigación cualitativa, expondo diversas aproximacións metodolóxicas e presentando diferentes técnicas cualitativas de recollida e análise de datos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	C2. Coñecer ao detalle os fundamentos teóricos e prácticos da investigación-acción participativa e do uso avanzado da investigación social para a intervención no ámbito público e privado.
A3	C3. Coñecer de forma detallada os fundamentos teóricos e prácticos das técnicas prospectivas e o uso avanzado das mesmas para emitir conclusións fundamentadas na evolución futura de retos sociais, económicos e políticos complexos e de alta incerteza.
A4	C4. Coñecer, comparar e combinar de forma creativa e nova as principais paradigmas e deseños de investigación (cuantitativa, cualitativa, mixta, prospectiva, participativa), recollendo os principais avances recentes en cada deseño.
A6	C6. Manexar os fundamentos teóricos e científicos necesarios para levar a cabo unha investigación social de tipo cuantitativo e cualitativo empregando ferramentas tecnolóxicas avanzadas (R).
A7	C7. Recoñecer as distintas opcións de presentación e visualización de resultados de investigación e a súa fundamentación metodolóxica para transmitir de forma clara os resultados da investigación aos distintos públicos.
A10	C10. Adquirir coñecementos avanzados sobre os aspectos teóricos e prácticos dos retos das sociedades actuais a través dos procesos de investigación e análise social.
A11	H1. Avaliar e seleccionar a paradigma metodolóxico adecuado (cuantitativa, cualitativa, mixta, prospectiva, participativa) para formular xuízos a partir de información incompleta ou limitada sobre fenómenos asociados aos retos sociais, económicos e políticos.
A12	H2 Adoptar as medidas adecuadas para a preservación dos principios éticos fundamentais e avanzados da investigación social, así como para a protección adecuada dos datos recompilados.
A14	H4 Transmitir os resultados dunha investigación básica e aplicada, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que se sustentan, de modo claro e sen ambigüidades atendendo á diversidade de contextos, públicos e necesidades, usando distintas opcións de presentación e visualización.
A15	H5 Levar a cabo unha investigación de tipo cualitativo e cuantitativo en R.
A16	H6 Desenvolver capacidade para planificar a investigación, elixindo correctamente as fases e os procedementos que garantan a máxima rigorosidade e que sexan adecuados a distintos contextos dentro do ámbito público ou privado.
A17	H7 Adquirir a capacidade de continuar profundando nos métodos de investigación e análise dun modo que haberá de ser en gran medida auto-dirixido e autónomo.
A19	H9 Desenvolver unha capacidade avanzada para avaliar a calidade e os resultados dos procesos de investigación.
A20	CP1. Contrastar a importancia da diversidade metodolóxica existente para a análise da realidade social, política e económica, abordando distintos problemas complexos das sociedades actuais a través de solucións creativas e novas.
A24	CP5. Ser capaz de traballar con fontes de datos, metodoloxías e técnicas de investigación científica e ferramentas informáticas avanzadas propias das ciencias sociais.



A26	CP7. Desenvolver a capacidade de xerar teorías de alcance intermedio e, por tanto, potencialmente aplicables/transferibles á sociedade, interpretando os inputs que xeran as técnicas de análise social.
-----	--

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Saberá deseñar un proceso de investigación avanzado que contemple os pasos para dar para analizar información cualitativa de distinta índole e recollida durante o traballo de campo a través de técnicas innovadoras e diversas.	AM2 AM3 AM4 AM11 AM16 AM20 AM24	
Será capaz de analizar situacións complexas a partir dos discursos e sistemas de discursos derivados da aplicación de técnicas de investigación cualitativa dun modo crítico e contextual.	AM4 AM11 AM16 AM17 AM24 AM26	
Será capaz de combinar e integrar a análise e a interpretación na análise crítica do discurso en escenarios de alta flexibilidade e especialización.	AM4 AM7 AM10 AM12 AM17 AM19 AM24 AM26	
Será capaz de analizar datos derivados da aplicación de técnicas de investigación etnográfica, en distintas modalidades (clásica, multisituada, móbil, colaborativa, en casa, visual, virtual).	AM4 AM11 AM12 AM16 AM20 AM24 AM26	
Coñecerá formas aplicadas de análises de información cualitativa, en especial en contextos de intervención social, a través de mecanismos de Investigación-Acción Participativa.	AM2 AM4 AM7 AM10 AM12 AM14 AM16 AM17 AM20	
Estará familiarizado coas distintas opcións e estratexias para a transferencia e presentación e visualización de resultados procedentes da análise cualitativa a públicos especializados e non especializados.	AM6 AM7 AM12 AM14 AM15	

Contidos



Temas	Subtemas
1. A análise etnográfica	1.1. Introducción á etnografía como método de investigación cualitativa e principais enfoques teóricos 1.2. As técnicas de recolección de datos utilizadas en etnografía 1.3. Innovacións na investigación etnográfica
2. A análise fenomenolóxica	2.1. Introducción á fenomenoloxía como método de investigación cualitativa e principais enfoques teóricos 2.2. Técnicas e estratexias para a recollida de información 2.3. Innovacións na investigación fenomenolóxica
3. A análise de contido	3.1. Introducción á análise de contido: definición e características básicas 3.2. Marco de referencia conceptual 3.3. Compoñentes e aplicacións da análise de contido 3.4. Innovacións na análise de contido
4. A análise de discursos	4.1. Introducción á análise de discursos: definición e características 4.2. Supostos metodolóxicos e preparación da análise 4.3. Abordaxe fragmentado ou integral? 4.4. Conxecturas preanalíticas e procedementos analíticos 4.5. Innovacións na análise de discursos
5. Usos e innovacións no manexo de software para a análise cualitativa	5.1. Softwares de análise cualitativa (CAQDAS) 5.2. Ferramentas e recursos para o proceso de análise de datos cualitativos 5.3. Importación, organización, xestión e codificación 5.4. Análise
6. intervención social e ética	6.1. A análise cualitativa na intervención social 6.2. Reflexividade, rumbos e ética na investigación cualitativa

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A2 A3 A6 A7 A11 A12 A14 A19 A24 A26	0	68	68
Lecturas	A2 A3 A4 A7 A10 A16 A17 A19 A20	0	40	40
Análise de fontes documentais	A2 A3 A4 A6 A7 A10 A11 A15 A16 A19 A24	0	9	9
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A10 A17 A20	0	12	12
Atención personalizada		21	0	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Lecturas	Lecturas de textos clave en análise cualitativa, así como de investigacións concretas para ver o desenvolvemento de distintas estratexias de análise



Análise de fontes documentais	Exercicios prácticos de análises de datos cualitativos
Sesión maxistral	Impartición de docencia relativa aos fundamentos da investigación cualitativa, as súas innovacións e avances máis recentes. Poderán seguirse de forma síncrona ou asíncrona, a través de TEAMS e dos videos das clases.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Obradoiro	<p>A atención personalizada desta materia desenvolverase de forma non presencial. Haberá titorías colectivas e individuais. Para a comprensión das lecturas e para a realización dos traballos poderedes programar as titorías virtuais que consideredes necesarias no horario que se comunicará ao comezo de curso. O profesorado tamén estará dispoñible de forma non presencial a través do correo electrónico.</p> <p>O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica seguirá a avaliación da modalidade a distancia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A2 A3 A6 A7 A11 A12 A14 A19 A24 A26	Realizaranse dúas prácticas que supoñerán, cada unha, o 50 % da nota da materia.	100

Observacións avaliación

<p>Segunda oportunidade Aqueles estudantes que suspendesen ou non presentasen as prácticas requiridas para aprobar a materia terán que volver repetilas e entregalas nas datas que establezan as profesoras para iso dentro do período de avaliación da segunda oportunidade. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso (nota numérica 0) na convocatoria correspondente da materia, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para convocatoria extraordinaria. Para isto, procederase a modificar a cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.</p>

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Alonso, L. E. (1998). La mirada cualitativa en sociología. Madrid: Fundamentos - Arroyo, M. y Sábada, I. (coord.) (2012). Metodología de la investigación social: técnicas innovadoras y sus aplicaciones. Madrid: Síntesis - Barley, N. (2003). El antropólogo inocente. Barcelona: Anagrama - Barthes, R. (1989/1980). La cámara lúcida. Nota sobre la fotografía. Barcelona: Paidós - Carrero, V.; Soriano, R. y Trinidad, A. (2012). Teoría fundamentada Grounded Theory. . Madrid: CIS - Conde Gutiérrez del Álamo, F. (2009). Análisis sociológico del sistema de discursos. Madrid: CIS - Gibbs, G. (2012). El análisis de datos cualitativos en investigación cualitativa. Madrid : Morata - González Vallés, J.E. y Piñeiro Otero, Teresa (2016). Diseños en la moderna investigación universitaria. Madrid: McGrawHill - Ibáñez, J. (1985). ?Análisis sociológico de textos y discursos?, RIS, 43, pp.119-160.. - Ibáñez, J. (2002/1994). Sociología de la vida cotidiana. Madrid: Siglo XXI - Krippendorff, K. (2002). Metodología de análisis de contenido : teoría y práctica. Barcelona : Paidós - Martín Criado, E. (2014). ?Mentiras, inconsistencias y ambivalencias. Teoría de la acción y análisis de discurso?, RIS, 72(1), 115-138.. - Miles, M. B., Huberman, A. M., & Saldaña, J. (2018). Qualitative data analysis: A methods sourcebook. Sage Publications - Mills, C.W. (2003). La imaginación sociológica. México: Fondo de Cultura Económica - Rapley, T. (2014). Los análisis de la conversación, del discurso y de documentos en investigación cualitativa. Madrid : Morata - Saldaña, J. (2015). The coding manual for qualitative researchers.. Sage Publications - Woods, M., Macklin, R., & Lewis, G. K. (2016). Researcher reflexivity: Exploring the impacts of CAQDAS use. International Journal of Social Research Methodology, 19(4), 385-403. - Zárraga, J.L. (2009). ?Por qué, qué y para qué investigamos: la trastienda de la investigación social?, Política y Sociedad, 46, 3, pp. 37-56..
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Bardin, L.; (Suárez, C., trad.) (1996). El análisis de contenido. Madrid : Akal - Chávez, B.L. (2014). Analisis de contenido y linguistica computacional: su rapidez, confiabilidad y perspectivas. Anales de psicología (Murcia, Spain) 30.3 : 1146 - Kuckartz, U., & Rädiker, S. (2019). Analyzing qualitative data with MAXQDA. Cham: Springer International Publishing. - Medina, I. (2017). Análisis Cualitativo Comparado (QCA), Cuadernos Metodológicos, 56. Madrid : Centro de Investigaciones Sociológicas - Olivier de Sardan, Jean-Pierre, and Jorge Costa Delgado (2018). El rigor de lo cualitativo: las obligaciones empíricas de la interpretación socioantropológica. Madrid: CIS - Pink, S., and Roc F. (2019). Etnografía digital.. Madrid: Morata - Pujadas, J.J. et. al (2010). Etnografía. Barcelona: Editorial UOC - Riley, J. (1990). Getting the most from your data : a handbook of practical ideas on how to anlyse qualitative data. Bristol : Technical and Educational Services - Valles Martínez, M. S. (1997). Técnicas cualitativas de investigación social reflexión metodológica y práctica profesional. Madrid: Síntesis - Weaver-Hightower, M. B. (2019). How to Write Qualitative Research. London : Routledge - Wright, P (2022). Reflexiones sobre ontología de la etnografía: Entre la experiencia, el poder y la intersubjetividad.. Runa (Buenos Aires, Argentina) 43.3 (2022): 403?430.

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Técnicas de Investigación Cualitativas, Prospectivas e Participativas/615545004d

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

Segundo recóllese nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar as situacións de discriminación por razón de xénero e propoñeranse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías